

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

PRAZAS E BOLSAS NAS RESIDENCIAS XUVENÍS PARA O CURSO 2023/2024

Modalidades de adxudicación de prazas e distribución por residencia:

Residencia	Prazas para estudantes	Prazas persoas colaboradoras bolseiras	Prazas persoas traballadoras	Total
Centro Residencial Xuvenil LUG (Lugo)	65	4	6	75
Florentino López Cuevillas (Ourense)	50	5	5	60
Altamar (Vigo)	76	6	7	89

Resérvase un 9% das prazas para o caso de mozas que sufran violencia de xénero ou para mozos e mozas cuxas proxenitoras a sufrisen e/ou para persoas mozas con expediente de protección aberto. Na residencia Altamar de Vigo resérvanse 2 prazas adaptadas para persoas con mobilidade reducida.

DURACION: O período máximo de estadía será de 11 meses durante o curso académico 2023/2024.

SOLICITUDES: ata o 3 de agosto de 2023.

REQUISITOS:

- Requisitos específicos para estudantes:

- Ter os 16 anos feitos e non superar os 30 anos na data do 31 de decembro de 2023.
- Cursar estudos de bacharelato, FP, estudos universitarios (grao, doutoramento ou mestrado oficial).
- Que no concello onde radique a súa residencia habitual non exista oferta de centros públicos para realizar o curso, nivel ou grao correspondente aos estudos que vaia cursar. Tamén poderar optar as persoas que contén con oferta de centros públicos no seu lugar de residencia pero non alcancen a nota de corte ou puntuación académica mínima exixida para o ingreso.

- Requisitos específicos para as persoas traballadoras:

- Ter os 16 anos feitos e non superar os 30 anos na data do 31 de decembro de 2023.
- Que o lugar de traballo teña o enderezo nun concello distinto ao lugar de residencia habitual.
- Que, no caso de que a relación de traballo non sexa fixa ou indefinida, teña unha duración mínima de tres meses contados desde a data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes.
- Que estea dada de alta no réxime de persoas traballadoras autónomas da Seguridade Social para o caso de ser unha persoa traballadora por conta propia.

- Requisitos específicos para as persoas estudantes colaboradoras bolseiras:

- Ter os 18 anos feitos e non superar os 30 anos na data do 31 de decembro de 2023.
- Ter unha renda media familiar inferior ao 150 % do IPREM do ano en curso.

PREZO:

- Para estudantes e persoas traballadoras: Habitación dobre 324 € por persoa e mes / Habitación cuádrupla: 250 € por persoa e mes.
- As persoas colaboradoras bolseiras desfrutarán do aloxamento e mantenza gratuítos

INFORMACIÓN:

Consellería de Política Social e Xuventude. Servizo de Xuventude e Voluntariado

Espazo Amizar. Rúa Gregorio Hernández 2-4 (15011 - A Coruña)

Tel.: **881 881 236** - correo-e: xuventudecoruna.benestar@xunta.gal

www.xuventude.xunta.es

PUBLICACIÓN: [DOG 03/07/2023](https://www.dog.es/DOG/03/07/2023)

Sede electrónica (sede.xunta.gal):

- Procedemento [BS303B](#): prazas en residencias xuvenís para estudantes.
- Procedemento [BS303C](#): prazas en residencias xuvenís para persoas colaboradoras bolseiras.
- Procedemento [BS303D](#): prazas en residencias xuvenís para persoas traballadoras.

Espazos de Información Xuvenil do Concello da Coruña

Tel.: **981 184 294** ☎ **606 362 366**

cmix@coruna.gal www.coruna.gal/informacionxuvenil